



“CORRESPONDENTES E ALBERGUISMO XUVENIL”

A información é un dos factores que máis inflúe nos niveis de autonomía e capacidade de decisión de calquera persoa e esta adquire unha relevancia especial cando se trata de mozos/as que atravesan unha etapa na vida na que se toman as decisións que máis afectan ao seu futuro.

A Rede Española de Albergues Juveniles (REAJ), en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, pon en marcha un programa para que os/as correspondentes xuvenís de diferentes comunidades autónomas poidan desfrutar dunha programación de actividades nun encontro dunha fin de semana que se desenvolverá no Albergue Xuvenil de Gandarío en Bergondo (A Coruña).

Seleccionaranse un máximo de 20 correspondentes xuvenís de cada comunidade autónoma.

O encontro será totalmente gratuíto para os participantes seleccionados (actividades, manutención e desprazamento).

Trátase de formar aos/as correspondentes como transmisores de información a outras persoas mozas no que respecta aos albergues xuvenís e as súas posibilidades, carné de alberguista, REAJ... e así promocionar o alberguismo entre a xuventude de distintas comunidades autónomas a través de actuacións conxuntas entre diferentes mozos e mozas, a aprendizaxe mutua e o intercambio de experiencias.

BASES DA SELECCIÓN

REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:

- Ser correspondente xuvenil
- Cursar 2º, 3º, 4º da ESO ou 1º de bacharelato
- En grupos de 2 persoas e un máximo dun grupo por instituto, presentar un vídeo cunha duración mínima dun minuto e máxima de 3, para amosar e difundir a nosa comunidade autónoma, os seus atractivos, lugares ou puntos de interese, enfocando o proxecto cara a mobilidade xuvenil en Galicia a través dos albergues xuvenís da REAJ existentes como opción de aloxamento.



PRAZOS

- 1) A data límite para enviar os vídeos é o **18 de febreiro**. Os vídeos enviaranse ao correo institutoxuventude.ctb@xunta.gal
- 2) A selección dos dez mellores proxectos farase a través dun xurado e os proxectos seleccionados faranse públicos no portal web <http://www.xuventude.xunta.es> o día **11 de marzo**. A selección comunicárase así mesmo mediante correo electrónico.
- 3) Posteriormente organizaranse os grupos e informarase da programación de actividades: charlas, actividades lúdico-culturais, etc.
- 4) O encontro de correspondentes xuvenís terá lugar do **5 ao 7 de abril** no albergue xuvenil de Gandarío.

O uso e tratamento dos datos dos usuarios participantes deste concurso están suxeitos á política de privacidade de REAJ, ALBERGUES JUVENILES ESPAÑA SA (REAJ), para coñecer a nosa política visite a páxina web www.reaj.com.

Así mesmo, a participación e aceptación do premio pola Asociación gañadora, implica o outorgamento expreso da autorización á REAJ para publicar nome e apelidos dos gañadores, así como calquera imaxe de maneira indefinida e en calquera actividade pública ou de difusión relacionada coa presente promoción, sen que por isto teña dereito a remuneración ou obtención de beneficio ningún diferente da entrega do premio. A negativa implicará a renuncia automática do premio.

Todos estes dereitos contemplados no Rexistro Xeral de protección de datos poderás exercitalos, dirixíndote a nós nos seguintes enderezos: Red Española de Albergues Juveniles SA (en adiante REAJ) con domicilio social na Calle Marqués de Riscal, 16 Madrid, co CIF número A86661360 ou, se o prefires, a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: contacto@reaj.com

Acompaña a dita solicitude cunha copia do teu DNI ou documento equivalente que nos permita comprobar a túa identidade.